



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Mesa de Campaña de Renda**

Pechouse a Mesa de Campaña da Renda coa sinatura dos mesmos sindicatos que asinaron o PEIA 2016. Sen embargo, a pesar da enorme carga de traballo e a presión para os que participan na renda, os módulos que se pagarán na campaña son serán moi distintos a eses 500 €/hora que cobrarán algúns polo PEIA por “traballar” daquela maneira.

A proposta económica da Administración que ao final foi aprobada, é:

- **Colaboración fóra da xornada:** coordinador 34,23 €, operador 24,73 €, operador-coordinador 29,44 €, apoio 22,49 € e apoio informático 22,49 €.

- **Colaboración dentro da xornada ordinaria de traballo:** información e coordinación 10,10 €.

Con este acordo a Administración interpreta que se recupera o 5 % perdido no ano 2010 e unha suba do 1 % igual á contemplada na lei de orzamentos para este ano nos soldos públicos.

Por parte de **CIG** reiterámonos en todas as peticións que xa fixemos nas reunións anteriores e consideramos que a suba é totalmente insuficiente para o esforzo que asume o persoal que participa, voluntaria ou involuntariamente, na campaña da renda. Tamén lles recordamos unha vez máis que é no mes de abril cando a carga de traballo nas oficinas pola campaña da renda é maior, polo que habería que estender o pago do módulo por colaboración dentro da xornada a ese mes, incluíndo a “todo” o persoal (UAIC, informática, rexistro, censos, notificacións, etc.) que ten unha carga adicional de traballo pola campaña da renda

SEGUIREMOS INFORMANDO**CIG-AEAT:****DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA****TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22**